



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste a concelleira Dona María Isabel García Pacín, desculpando o Sr. Alcalde a súa ausencia, por coincidirlle en Santiago cunha comisión de Economía no Parlamento.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. - Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión celebrada o día trinta de decembro de dous mil quince, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro do dous mil quince, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE FRIOL E APROBACIÓN DO REGULAMENTO. - Dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía referida á modificación da ordenanza fiscal reguladora da ampliación do cemiterio municipal, así como á aprobación do regulamento. A modificación proposta non incrementa os custes establecidos para as sepulturas, adaptando á lexislación vixente o texto no seu día aprobado e modificando o disposto na disposición final primeira, en relación cos que poden ostentar a condición de concesionario, así como a posibilidade do concello de revocar a concesión en determinados supostos. Complétase a regulación no seu día establecida, que se pretende adaptar á data actual, xunto coa aprobación dun regulamento, en canto instrumento axeitado para outras cuestións que no seu día non foron recollidas, como os dereitos e deberes dos concesionarios e o procedemento para as transmisións.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista da documentación obrante nas oficinas municipais, do disposto da normativa sectorial de aplicación (Decreto 151/2014 de 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia), do disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese á aprobación do Pleno, en canto órgano competente para elo.

Á vista do actuado, sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo e concesión de nichos na ampliación do cemiterio municipal, conforme se transcribe a continuación.
- A aprobación inicial do regulamento do cemiterio municipal do concello de Friol, conforme se transcribe a continuación.
- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que os acordos definitivos e o texto do regulamento e da modificación da ordenanza se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos artigos 49 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local, así como os do Real Decreto lex. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais.

ANEXOS:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO E CONCESIÓN DE NICHOS NA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE FRIOL.-

Art 1.- Concepto.- O Concello de Friol, no uso das facultades contidas nos art. 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co establecido nos art. 15 a 19 e 20.4.p) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa pola concesión de nichos na ampliación do Cemiterio Municipal, que se rexerá pola vixente lexislación e as normas da presente ordenanza fiscal.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Art. 2.- Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa reguladora da presente ordenanza, a concesión por setenta e cinco anos (de conformidade co disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas) de nichos construídos polo Concello na actual ampliación do cemiterio municipal.

Art 3.- Suxeitos pasivos.- Están obrigados ao pago da taxa os solicitantes da concesión aos que se lle houbera outorgado a mesma.

Art. 4.- Responsables.- Responderán da débeda tributaria os debedores principais. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do art. 35.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.

Art. 5.- Exencións e bonificacións.- De conformidade ao art. 9.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Art. 6.- Cota tributaria.- A cuota tributaria para liquidar e esixir determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

- Por unidade de nicho: 359,71 euros.

Art. 7.- Devengo.- A taxa devengarase e a obriga de contribuír nace desde o momento no que se produce a concesión, previa solicitude do interesado.

Art. 8.- Declaración, liquidación e ingreso.- A liquidación de taxas farase na resolución ou acordo que autorice a concesión e notificarase ao interesado, para o seu ingreso na Tesourería Municipal, nos prazos e formas sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Art 9.- Infraccións e sancións.- En todo o referente a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan, en todo caso, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, en concreto os arts. 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no art. 11 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAIS .-

1.- Poderán ostentar a condición de concesionarios os nados na capitalidade do termo municipal de Friol e os seus familiares en primeiro grado, así como os residentes con anterioridade mínima de un ano en relación á data da solicitude.

2.- Poderán tamén ostentar a condición de concesionario os que non aínda que non reúnan as condicións anteriores, teñan no momento da súa solicitude, algunha vivenda da súa propiedade na capitalidade do concello de Friol, ou ben teñan concedida autorización municipal para a súa construción.

3.- Elo faise extensivo aos habitantes das parroquias do termo municipal, nos casos en que por falta de espazo ou das autorizacións pertinentes para elo, non poidan acceder á adquisición de sepultura no cemiterio parroquial que lle corresponda, que deberán xustificar xunto á solicitude.

4.- As concesións outórganse por riguroso orde de solicitude.

5.- No suposto de que con carácter sobrevido o concesionario perdese a condición de veciño do concello, e sempre que non houbera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia ao interesado, poderá revogar a concesión nas seguintes condicións:

- a) No suposto de que o expediente de resolución se inicie a solicitude do concesionario o Concello devolverá o 95% da cuota tributaria.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- b) No suposto de que a perda da condición de veciño se deriva de un cambio de enderezo xustificado por cambios das circunstancias laborais ou de saúde dalgún dos membros da unidade familiar, aínda que o expediente de resolución se iniciase de oficio polo Concello, devolverase ao interesado o 90% da cuota tributaria.
- c) No suposto de que o expediente se iniciara de oficio polo Concello e a perda da condición de veciño non se xustificara nos motivos expresados na letra anterior, devolverase ao interesado o 75% da cuota tributaria.

Non serán indemnizables as obras ou melloras realizadas nos nichos polos particulares.

6.- A modificación da presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En contra do establecido na mesma poderá interporse o recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos na lexislación reguladora da devandita xurisdición.

REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.-

Art. 1.- É obxecto do mesmo, a regulación do cemiterio municipal do Concello de Friol. Todo elo, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión de 29 de setembro de 1992 e a ampliación realizada das instalacións existentes. Rexerese no seu funcionamento polas disposicións do presente regulamento, e no non previsto por este, polo Decreto 151/2014 de 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia, e demais disposicións vixentes na materia ditadas polo Estado e a CC.AA. sobre esta materia.

As tarifas por prestación de servizos no cemiterio municipal serán fixadas pola ordenanza en vigor aprobada pola Corporación, que permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Art. 2.- O cemiterio municipal está dotado dos seguintes servizos:

- Depósito de cadáveres.
- Dependencias para o persoal e material municipais.
- Sepulturas de parede para enterramentos.

Os nichos elevados teñen un máximo de catro alturas e poderán ser obxecto de concesión individual ou conxunta.

Art. 3.- As dependencias do cemiterio municipal permaneceran abertas ao público no horario que se estableza. Serán atendidas polo persoal municipal encargado, segundo as disposicións legais vixentes.

Art. 4.- Correspóndelle ao Concello:

- A observancia de cantas medidas hixiénico sanitarias se establezan legalmente.
- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións existentes no cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras.
- O outorgamento de concesións administrativas de nichos xa construídos e rexistro actualizado de concesionarios e de defuncións.
- Organización e control do persoal adscrito ao servizo.

Art. 5.- Os nichos do cemiterio serán outorgados en concesión administrativa, suxeitándose o seu uso, tenza e transmisión ás disposicións legais vixentes. A transmisión dos dereitos, xa sexa "inter vivos" xa "mortis causa", terá que autorizala o concello.

As concesións de nichos serán periódicas, sendo o seu prazo máximo de 75 anos (dentro do previsto no art. 93 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas) ou ata a clausura do cemiterio, no caso de que tivese lugar antes do remate da concesión.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Poderase acceder á concesión de sepulturas de conformidade co establecido na disposición final da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de nichos no concello de Friol. Así poderán ostentar a condición de concesionarios os nados na capitalidade do termo municipal de Friol e os seus familiares en primeiro grado, así como os residentes con anterioridade mínima de un ano en relación á data da solicitude. Poderán tamén ostentar a condición de concesionario os que non aínda que non reúnan as condicións anteriores, teñan no momento da súa solicitude, algunha vivenda da súa propiedade na capitalidade do concello de Friol, ou ben teñan concedida autorización municipal para a súa construción.

Elo faise extensivo aos habitantes das parroquias do termo municipal, nos casos en que por falta de espazo ou das autorizacións pertinentes para elo, non poidan acceder á adquisición de sepultura no cemiterio parroquial que lle corresponda, que deberán xustificar xunto á solicitude.

No caso de que os nichos existentes non cubran a demanda sobre os mesmos, as solicitudes pasarán a unha lista de espera, outorgándose as concesións dos nichos libres por rigorosa orde de presentación de instancias.

Art. 6.- A concesión dos nichos outorgaranse polo concello correlativamente segundo a súa numeración. Co obxecto de coñecer a situación de cada nicho, estes deberán estar suficientemente documentados con planos de situación actualizados e co asesoramento técnico que en cada momento requiran.

Art. 7.- Unha vez recibidas as solicitudes, emitirase informe polo funcionario encargado, en relación á situación do nicho solicitado. Unha vez obtidos pos informes, outorgarase a concesión polo órgano competente, que será notificada ao interesado, sendo expedido o correspondente título de concesión, no que deberán constar: nome e datos identificativos do titular, período de vixencia e datos identificativos do nicho obxecto da concesión.

Os títulos de concesión deberán ir sempre referidos a persoas físicas, autorizándose un só titular por nicho construído.

Art. 8.- A liquidación de taxas (que se fará de acordo co estipulado na ordenanza fiscal vixente en cada momento) aprobarase, no mesmo acordo de concesión e notificarase ao interesado, que nos prazos establecidos deberá facer efectivo o seu importe. Unha vez satisfeitos os dereitos, o interesado poderá retirar o título, do que deberá quedar oportuna constancia no expediente instruído ao efecto.

Art. 9.- O exercicio de dereitos sobre os nichos acreditarase pola resolución municipal da concesión, e polo título administrativo correspondente.

Art. 10.- O Concello reservará algunhas sepulturas para atender as urxencias que se produzan, sendo regulada a súa concesión nos seguintes termos:

- Tramitaranse cando se produza falecemento dunha persoa que, non sendo titular de concesión algunha -ou, de selo, teña a sepultura totalmente ocupada con restos de menos de 5 anos-, non conte con sepultura para o seu enterramento. Neste caso, poderá ser autorizada, trala presentación previa de licenza de enterramento, a ocupación do nicho construído, con carácter previo á concesión, sempre que se presente a oportuna solicitude, que se realizará (preferentemente por parente de primeiro grado) antes da ocupación, proseguindo posteriormente a tramitación habitual establecida no presente regulamento para as concesións.
- A concesión por urxencia levará implícita a obriga de retirar os restos ao finalizar o período da súa vixencia. Se non fosen retirados, o Concello procederá ó seu traslado e á habilitación do nicho ou sepultura para novos enterramentos.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Art. 11.- Serán gratuítos os enterramentos das persoas indixentes, que se concertarán a través dunha entidade funeraria.

Art. 12.- Unha vez efectuada a inhumación, a sepultura non se poderá abrir ata que transcorra o prazo regulamentario, salvo naqueles casos nos que a autoridade sanitaria ou xudicial así o dispoñan.

Cando o enterramento teña lugar nun nicho ocupado con restos, procederase no mesmo acto á súa redución, sempre que se cumpran os prazos regulamentarios.

Art. 13.- Serán dereitos do concesionario:

- Facer uso do nicho, enterrando a familiares ou outras persoas achegadas, conforme ao establecido legalmente.
- Colocar os adornos autorizados, trala solicitude do permiso regulamentario.
- En caso de perda ou deterioro do título de concesión, poderá solicitar a expedición dun duplicado, tras a oportuna publicidade da solicitude.

Estes duplicados non poderán ser expedidos en caso de falecemento do titular.

Art. 14.- Son deberes do concesionario:

- Aboamento das taxas e retirada do título no prazo que se indique regulamentariamente.
- Manter as instalacións existentes na parcela da que sexa concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.
- Cumprir con tódalas normas previstas no presente regulamento e as demais que se establezan legalmente.

Art. 15.- A titularidade das concesións administrativas será modificada por falecemento do titular, ou por transmisión "inter vivos", a solicitude do titular. Nestes casos non se considerará unha nova concesión, senón unha modificación na titularidade da existente, polo que non suporá unha interrupción no período da concesión orixinal, que se computará sempre a partir do outorgamento da concesión ao primeiro concesionario.

Art. 16.- Unha vez falecido o titular, a concesión administrativa poderá pasar a aquel que posúa os dereitos sucesorios, quen deberá solicitar, o cambio de titularidade ao seu favor. En todo caso o cambio de titularidade deberá producirse no prazo de seis meses dende o falecemento do titular.

No suposto de que os familiares do falecido estean tramitando a declaración de herdeiros ab intestato, a solicitude de cambio de titularidade substituirase, provisoriamente, por unha comunicación escrita desa circunstancia, acompañada da documentación que a acredite, expedida polo notario ou funcionario xudicial competente.

Transcorrido o prazo, sen producirse tal solicitude ou comunicación escrita, iniciarase expediente administrativo para decretar a suspensión da eficacia da concesión, o que implicará que non se poderán realizar máis enterramentos ata a fin do período de concesión, momento no que a sepultura reverterá ao Concello, quedando á súa libre disposición.

Non obstante, poderá reanudarase a eficacia do título da concesión se, con posterioridade, se solicitara o cambio de titularidade segundo o establecido no presente regulamento e fose autorizado polo órgano competente do concello.

Unha vez rematado o período de vixencia das concesións administrativas, poderase proceder a unha nova concesión sobre os nichos, con suxeición ao procedemento establecido neste regulamento para o caso de concesións administrativas caducadas polo transcurso de prazo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Art. 17.- A solicitude de cambio de titularidade mortis causa, deberá conter os datos identificativos do nicho e vir acompañada da documentación que a continuación se indica, segundo o procedemento administrativo que corresponda:

- Solicitude formulada polo/a interesado/a.
- Título de concesión orixinal ou, no seu defecto, duplicado expedido a estes efectos pola administración municipal.
- Certificación de derradeiras vontades.
- Copia autenticada do testamento do concesionario ou, no seu caso, declaración de herdeiros.
- Documento acreditativo da partición do haber hereditario, no que se acredite a adxudicación da concesión a favor do solicitante ou, no seu defecto, documento público ou privado asinado por todos os compoñentes da comunidade hereditaria, ou os seus representantes legais ou voluntarios, no que se preste conformidade ao do cambio de titularidade da concesión a favor do solicitante.

Satisfeitos os dereitos que no seu caso, sexan de aplicación, o interesado poderá retirar o título ao seu nome, para o que deberá facer entrega do anterior orixinal.

Art. 18.- No referente a transmisións inter vivos, todo/a concesionario/a poderá efectuar cesión dos seus dereitos sobre o nicho en favor dun terceiro para elo, ademais de formular a correspondente solicitude, será preciso efectuar -na data e hora que se sinalen- unha comparecencia conxunta de cedente e cesionario nas oficinas municipais, na que se fará constar a intención de efectuar a cesión, así como a aceptación do novo titular co compromiso de cumprir coas obrigas derivadas da súa nova condición, facéndose cargo das taxas que lle corresponda aboar, segundo a ordenanza en vigor.

Art. 19.- Os concesionarios de nichos terán dereito, trala solicitude e aboamento das taxas que correspondan, de conformidade coa ordenanza vixente á prestación dos seguintes servizos:

- Enterramentos nos nichos dos que sexan titulares.
- Exhumacións das mesmas.
- Utilización da Sala de Depósitos.
- Calquera outro que o Concello estableza.

Art. 20.- Transcorrido o período de vixencia das concesións, que en ningún caso poderá superar o límite establecido na lexislación vixente, sen que o seu titular, ou titulares, instaran a renovación delas, iniciarase o correspondente procedemento administrativo para declarar a caducidade da concesión, no que con carácter previo á adopción da resolución que proceda, outorgarse o trámite de audiencia ao/s interesados/as. Concederáselles o prazo dun mes para que aleguen o que estimen oportuno, coa indicación de que, unha vez firme en vía administrativa a declaración de caducidade, deberán proceder á retirada dos restos cadavéricos depositados na unidade ou unidades de enterramento afectadas por aquela e, no caso contrario, serán trasladados:

- Se o titular, ou titulares interesados, cónxuxes ou os seus herdeiros lexítimos, solicitasen durante o trámite de audiencia o outorgamento dunha nova concesión sobre os nichos afectados pola concesión caducada, o órgano competente para a resolución do procedemento pronunciarse sobre a declaración da caducidade e sobre o outorgamento da nova concesión solicitada.
- Unha vez firme en vía administrativa a resolución que declare a caducidade da concesión, o nicho quedará a disposición municipal para a súa nova concesión, agás no suposto en que, simultaneamente se outorgue unha nova concesión ao titular da caducada, ao seu cónxuxe ou os seus herdeiros lexítimos, segundo o previsto no presente regulamento.
- No outorgamento de concesións sobre estes nichos, que se realizará conforme ás normas contidas no regulamento dos servizos mortuorios en vigor, terán carácter preferente as



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

solicitudes formuladas polos anteriores titulares, os seus cónxuxes ou os seus herdeiros lexítimos.

En caso de existir varias solicitudes, a orde de prioridade será a seguinte:

- Prevalecerá a formulada polo/a titular sobre o/a seu/súa cónxuxe na data da concesión, a deste/a sobre os/as herdeiros; dentro destes, prevalecerá a proximidade do grao de parentesco.
- Entre solicitudes das mesmas características e condicións de conformidade coa orde de prioridade establecida, prevalecerá a presentada con anterioridade no Rexistro Xeral de Entrada do Concello.
- Na liquidación de taxas municipais que corresponda para estas concesións, estarase ao disposto na ordenanza fiscal en vigor.
- Cando se trate de concesións administrativas non renovables, a caducidade será declarada polo órgano competente, do que se dará traslado aos interesados/as a fin de que, procedan á retirada dos restos cadavéricos alí depositados que, no caso contrario, serán trasladados para a súa identificación por período de 6 meses, transcorridos os cales serán incinerados e as súas cinzas introducidas nos depósitos habilitados para tal fin no cemiterio municipal.

Art.21.- Tras a instrución de expediente coas garantías legais que se establezan, as concesións administrativas reverterán ao Concello nos seguintes casos:

- Polo estado ruinoso dunha edificación, tralo expediente de ruína instruído para o efecto.
- Polo estado de abandono acreditado en expediente tramitado ao efecto.
- Polo transcurso do prazo que se establece con carácter xeral para as concesións ordinarias de nichos.
- Nos casos de concesión por urxencia, pola desaparición do obxecto da concesión, entendéndose como tal o traslado dos restos antes do cumprimento do prazo da concesión.
- Pola morte do titular, sempre e cando non fose enterrado no nicho e non existan herdeiros do mesmo.
- Pola perda de condición de veciño do concello, de conformidade co establecido na disposición final da modificación da ordenanza fiscal. e sempre que non houbera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia ao interesado, poderá revogar a concesión, de conformidade co disposto na disposición final da ordenanza fiscal, non sendo indemnizables as obras ou melloras realizadas nos nichos polos particulares.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

3.- ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL E POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.-

Polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno de que en relación coas ordenanzas fiscais reguladoras do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo municipal de Friol e da reguladora do prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, considerando que non eran necesarios os escasos recursos que se poderían obter da aplicación das mesmas, considerouse oportuno a derogación de ambas ordenanzas fiscais, procedendo a elo o Pleno do Concello, en canto órgano competente, na sesión do trinta de decembro de 2015 que adoptou o acordo de derogar as ordenanzas fiscais vixentes reguladoras do prezo público pola



utilización do pavillón polideportivo municipal de Friol e da reguladora do prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos e na web do concello, aos efectos oportunos.

Non obstante, por Secretaría advertiuse con posterioridade, que por erro na redacción da acta, omitiuse o trámite de información pública polo prazo de trinta días, de conformidade co disposto no Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais. Polo tanto, propónse ao Pleno, en canto órgano competente, a adopción do novo acordo ao respecto, en orde á subsanación do trámite omitido.

Á vista da documentación obrante no expediente, e sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Confirmar o acordo adoptado polo Pleno na sesión de trinta e un de decembro de 2015, en canto á derogación das ordenanzas fiscais vixentes reguladoras do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo municipal de Friol e da reguladora do prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- A exposición ao público polo prazo de trinta días, a efectos de exame e presentación de reclamacións. De non presentarse entenderase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos e na web do concello, aos efectos oportunos. No caso de presentarse, someteranse á consideración do Pleno.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

4.- REFORMA DE BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.

- Dáse conta ao Pleno que o 10 de febreiro tivo entrada no rexistro do Concello o texto actualizado e as novas condicións das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público na Deputación Provincial de Lugo (bases terceira e décima). De conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo e as bases aprobadas polo



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Pleno da Deputación Provincial de data 27/11/2007, propónse ao Pleno a aprobación das novas condicións.

Á vista da proposta, sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Aprobar as novas condicións que han de rexer as delegacións realizadas polo Concello de Friol e nomeadamente a reforma das bases terceira e décima das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.
- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a realización das xestións necesarias en orde á efectividade do presente acordo.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm. 2/2016 do estado de gastos do actual exercicio (primeiro da competencia do Pleno) polo importe 31.308,85€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para a súa financiación transferencias de créditos, conforme se detalla no mesmo:

a).- Consignación de gastos con créditos en baixa:

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe da baixa de crédito
171-609	Servizos Públicos Básicos. Medio ambiente. Inversións reais. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	31.308,85.-
Total baixas de créditos		31.308,85.-

b).- Consignación de gastos con altas de crédito (novas imputacións):

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe da alta de crédito
334-622	Produción de bens públicos de carácter preferente. Cultura. Promoción cultural.	3.321,35.-



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

	Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.	
151-640	Servizos Públicos Básicos. Vivenda e urbanismo. Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Inversións reais. Gastos en inversións de carácter inmaterial.	22.687,50.-
1532-619	Servizos Públicos Básicos. Vivenda e urbanismo. Vías públicas. Inversións reais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	5.300,00.-
Total altas de créditos IGUAL ás baixas		31.308,85.-

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto legislativo 2/2002 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

6.- INCORPORACIÓN DE INMOBLES AO INVENTARIO MUNICIPAL.- Dáse conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 4 de maio de 2015, no referente á adquisición de parcelas, nas que se pretende a construción dun Centro Integral para maiores, parcelas que traen causa da herdanza de Don Ramón López Grandío e Dona Josefa Vázquez Castro. Unha vez que se procedeu á adquisición en escritura pública, procedeuse a realizar as xestións oportunas ante o Catastro, en orde ao cambio de titularidade das



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

parcelas a nome do Concello, así como á agrupación das mesmas de acordo co plano e a documentación presentada. Á vista dos acordos adoptados polo Catastro, queda catastrada a nome do concello unha parcela da superficie de 6.679 m², con referencia catastral 27020A124002750000YT. De conformidade co disposto no Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens da Entidades Locais, procede a súa inclusión no Inventario de Bens, así como a inscrición no Rexistro da Propiedade

Á vista do actuado, de conformidade coa documentación obrante no expediente (escritura pública, a documentación técnica aportada polo concello e os acordos adoptados pola Xerencia Territorial do Catastro) sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA**

- A incorporación ao Inventario Municipal de Bens do Concello de Friol da finca adquirida polo Concello, como Ben Patrimonial.
- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización das xestións e asinar a documentación que sea precisa en orde a efectividade do presente acordo.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Seguidamente polo Sr Alcalde dáse conta ao Pleno que se procedeu á retirada da orde do día do punto número 7, relativo á desafectación de camiños, xa que o técnico considerou solicitar mais documentación aos interesados, sen que se formule ningunha cuestión ao respecto.

8.- SOLICITUDES DE SUVENCIÓNS PARA OBRADOIRO DE EMPREGO E PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.-

8-1.-PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO CUMES DA TERRA CHA.-

Vista a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 248, de 30 de decembro).

Visto o proxecto formativo redactado en orde a realizar conxuntamente entre os concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Pavimentación e Albanelería de Urbanización" e de "Montaxe e mantemento de instalacións solares", cun total de 32 alumnos-traballadores e unha duración de 6 meses, para a realización das actuacións que se detallan.

Visto que se asinou Convenio de Colaboración entre os Concellos de Begonte, Rábade e Friol, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego denominado "CUMES DA TERRA CHA".



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista da documentación obrante ao respecto, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 15 de febreiro do actual, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA**", a desenvolver conxuntamente nos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Pavimentación e Albanería de Urbanización", e de "Montaxe e mantemento de instalación solares", cun total de 32 alumnos-traballadores e una duración de 6 meses.

SEGUNDO: Aceptar as delegacións dos concellos de Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA**" a realizar ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015.

TERCEIRO: Polo que respecta ao concello de Friol prestar aprobación á actuación concreta a desenvolver no municipio ao abeiro do devandito obradoiro de emprego denominada "**EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA LU 231**", segundo á memoria valorada redactada ao respecto por D. Fernando Álvarez Álvarez.

Ao respecto da mesma, declarar a titularidade xurídica pública do obxecto de actuación e a dispoñibilidade legal para a execución das devanditas obras previstas no proxecto. Declarar así mesmo a tramitación das autorizacións administrativas esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto (autorización de Cultura e do organismo titular da estrada).

CUARTO: Comprometerse o Concello de Friol a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe suficiente nos presupostos da entidade.

QUINTO: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente ou persoa en quen delegue, para a realización das xestións que sexan necesarias e a sinatura da documentación que sexa precisa, en orde á efectividade do presente acordo, co obxecto de acadar a aprobación e financiamento do proxecto referenciado.

SEXTO: Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos".

Visto que na Lei 13/2015 de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos interese xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require a maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administración, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a eficacia do acto queda supeditada á



aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación pola Comunidade Autónoma para a realización das actuacións.

Á vista do actuado, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o quince de febreiro do actual pola que se aproba o proxecto do Obradoiro de Emprego "CUMES DA TERRA CHA", a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, aceptando as delegacións dos Concellos de Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas no proxecto de referencia.

8.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.- Vista a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 29 de decembro de 2015, de bases reguladoras das axudas e subvencións para a posta en práctica de programas integrados de empregos durante 2016 e 2017, asinouse convenio de colaboración entre os Concellos de Begonte, Rábade e Friol, para a solicitude conxunta dunha subvención. Polo Alcalde, o 22 de febreiro do actual, ditouse a seguinte resolución:

"PRIMEIRO: Aprobar á solicitude conxunta polos concellos de Friol, Begonte e Rábade do un programa integrado de emprego, a desenvolver conxuntamente polos citados concellos.

SEGUNDO: Autorizar ao Concello de Begonte para a realización das actuacións previstas na solicitude do programa integrado de emprego, a realizar ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015.

TERCEIRO: Comprometerse o Concello de Friol a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería), asumindo entre os tres concellos unha cofinanciación do 21% do importe total da subvención concedida, correspondendo ao concello de Friol o 7%, con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitárase importe suficiente nos presupostos da entidade.

CUARTO: Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos.

Á vista do actuado, propónse ao Pleno a ratificación do disposto na Resolución da Alcaldía de 22 de febreiro do actual, pola que se aproba a solicitude conxunta polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, autorizando ao concello de Begonte para as actuacións previstas na solicitude de programa integrado de emprego".

Á vista do anteriormente exposto, sen polos señores concelleiros se desexa facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o quince de febreiro do actual pola que se aproba o proxecto do Obradoiro de Emprego CUMES DA TERRA CHA, a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, aceptando as delegacións dos Concellos de Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas no proxecto de referencia.-A ratificación do disposto por Resolución da Alcaldía de 22 de febreiro do actual, pola que se aproba a solicitude conxunta polos Concellos de Begonte,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Rábade e Friol, autorizando ao concello de Begonte para as actuacións previstas na solicitude de programa integrado de emprego.

Seguidamente polo Sr. Alcalde procedeuse á proclamación do acordo adoptado.

9.- MOCIÓNS.- Polo Sr. Alcalde dise que seguidamente pasarase ao estudo, debate e votación das mocións presentadas polo Grupo Popular e polo Grupo Socialista, con anterioridade á convocatoria da sesión.

"Don José Ángel Santos Sánchez, voceiro do Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Habida conta das especiais características do noso concello, con explotacións agropecuarias moi vencelladas os núcleos rurais e mesmo incluídas neles, compre solicitar a modificación da Disposición Transitoria Cuarta da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (correspondente coa Disposición transitoria décimo primeira da derogada Lei 9/2002), xa que na nova redacción se exclúe a ampliación das explotacións agropecuarias nos núcleos rurais. Se propón manter o apartado 1 da dita Disposición transitoria cuarta da lei 2/2016 na redacción da contida na Disposición transitoria décimo primeira lei 9/2002, tal como se reproduce:

1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira, existían no momento da entrada en vigor desta lei poderán manter a súa actividade, aínda que non estean amparadas nas preceptivas licenzas municipais de edificación ou de actividade, sen necesidade delas.

A inclusión da referencia o núcleo rural no citado texto permitiría que as explotacións gandeiras non quedarán fora de ordenación, e puideran modernizarse e ampliarse, garantindo a propia supervivencia dos nosos núcleos, a fixación de poboación no medio rural, e o desenrolo social e económico do noso concello. Nese senso compre ter en conta que a letra f do artigo 26 prohibe as novas explotacións gandeiras en núcleo, e que, pola súa singular tipoloxía e os parámetros urbanísticos destas construcións e instalacións, dificilmente cumprirán as determinacións da lei e do planeamento nesta clase de solo.

Asemade habería dificultades de interpretación da nova redacción da lei, naquelas explotacións (frecuentes no noso concello) que, pola súa extensión, se atopan parte en solo de núcleo e parte en solo rústico.

Á vista de estas circunstancias proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que proceda á modificación da Disposición Transitoria Cuarta da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (correspondente coa Disposición transitoria décimo primeira da derogada Lei 9/2002), xa que na nova redacción se exclúe a ampliación das explotacións agropecuarias nos núcleos rurais, propoñendo manter o apartado 1 da dita Disposición transitoria cuarta da lei 2/2016 na redacción da contida na Disposición transitoria décimo primeira lei 9/2002, tal como se reproduce:

As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira, existían no momento da entrada en vigor desta lei poderán manter a súa actividade, aínda que non estean amparadas nas preceptivas licenzas municipais de edificación ou de actividade, sen necesidade delas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

2.- A remisión do acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como á Presidencia da Xunta de Galicia”.

Sometida a votación a moción presentada polo Sr. Alcalde, no senso de instar á modificación da Disposición Transitoria Cuarta da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, despois dun breve turno de intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse a un breve turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, xustificando a presentación da moción, solicitando a modificación da disposición transitoria, no senso da inclusión da referencia ao núcleo rural, que permitiría que as explotacións gandeiras ubicadas no núcleo puideran modernizarse e ampliarse, garantindo a propia supervivencia dos nosos núcleos, a fixación de poboación no medio rural, e o desenvolvemento social e económico do concello.

A continuación intervén o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, manifestando o apoio do seu grupo á proposta presentada, sen que de lugar a debatir sobre esta disposición, o que si podería facerse sobre outros artigos da lei. Conclúe reiterando o seu voto favorable e esperando que se materialice nunha modificación legislativa.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“Don José Ángel Santos Sánchez, voceiro do Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que comunica Friol con Begonte (Cinturón Comarcal C-P-1611), de titularidade provincial, presenta unhas importantes deficiencias, fundamentalmente no referido ao firme da mesma, propiciadas sobre todo polo espazo de tempo transcorrido desde a súa construción, xa que naqueles tempos as necesidades e o tránsito por esta estrada eran totalmente diferentes as actuais. Polo que se entende que sería de gran importancia mellorar a capa de rodadura da estrada, mediante a dotación dunha capa de aglomerado en quente.

Hoxe en día a estrada ten un numeroso tráfico de vehículos xa que é o nudo máis importante de conexión dun gran número de parroquias do Concello coa autovía A-6, así como para a conexión do Concello coa autovía de Galicia co Norte do Estado.

Por todo o exposto, o P.P. municipal de Friol, propón ante o Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO:

- Dirixirse ó Ilm. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo solicitándolle que adopte as medidas oportunas para proceder do xeito máis breve posible ó correcto acondicionamento da citada estrada, titularidade desa Deputación Provincial, mediante a dotación dunha capa de aglomerado en quente e a correspondente sinalización da mesma”.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Sometida a votación a moción presentada polo Sr. Alcalde, no senso de instar o acondicionamento e sinalización da estrada que comunica Friol con Begonte (Cinturón Comarcal C-P-1611) de titularidade provincial, despois dun breve turno de intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse a un breve turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, xustificando a presentación da moción, á vista do estado actual da estrada e das deficiencias que presenta, do numeroso tráfico de vehículos e que se trata dun importante nudo de conexión de un gran número de parroquias do concello coa autovía A-6 e coa autovía de Galicia co Norte do Estado.

A continuación intervén o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, manifestando o apoio do seu grupo á proposta presentada, sen necesidade de debatir ao respecto.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION** relativa a:

INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REPARACIÓN URXENTE E POSTERIOR MELLORA DA ESTRADA DE FRIOL A PALAS LU-231

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada de titularidade autonómica LU-23 1, que serve de vía de comunicación principal entre o Concello de Friol e o Concello de Palas de Rei, pero que así mesmo servirá no futuro como enlace, entre outros, coa autovía que conecta Lugo con Santiago de Compostela, está nun estado de deterioro que fai que o seu uso sexa menos cómodo, máis perigoso e cree incomodidades aos usuarios.

Por outro lado, esta vía que é unha boa entrada e saída de Friol que pode favorecer o desenvolvemento de actividade económicas, visitas, etc, polo que o seu estado é de suma importancia para o Concello de Friol.

A maiores do seu carácter de vía de comunicación entre Concellos e incluso entre Comarcas ten un relevante número de usuarios que circulan por da como principal estrada de conexión coa capitalidade da vila. Son moitos os núcleos de poboación e parroquias das que os seus veciños a empregan habitualmente para desprazarse ao seu traballo, a facer trámites e a un sinfín de motivos.

O actual estado de conservación da LU-231 non é o óptimo, atopándose zonas con mal estado do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

firme, irregularidades da calzada, que ademais de provocar inconvintes na actualidade, de non atallarse causarán un maior deterioro da mesma.

Dende o Grupo Provincial Socialista consideramos necesario actuar sobre a citada estrada. Concretamente consideramos que debería ser aglomerada na súa totalidade, anque tamén entendemos que quizais esa inversión de maior envergadura non poida acometerse de inmediato. Polo que entendemos que podería ser unha solución axeitada levar a cabo na mesma, coa maior brevidade posible, as labores de conservación e mantemento que solucionen os problemas de firme e na zona de rodadura actuais para mantela en bo uso, mentras se levan adiante os trámites necesarios para arraxala completamente cunha capa de aglomerado.

Por todo o exposto, sométese á aprobación do Pleno os seguintes

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a que, na maior brevidade posible, acometa as labores de conservación que necesita a estrada LU-23 1 entre Friol e Palas de Rei de xeito que se reparen as deficiencias existentes na mesma ata que esta sexa aglomerada.
- Instar á Xunta de Galicia a que, na maior brevidade posible, leve a cabo as actuacións e xestións necesarias para aglomerar o trazado da estrada LU-231 de Friol a Palas de Rei".

Sometida a votación a moción presentada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, no senso de instar á Xunta de Galicia que acometa as labores de conservación da estrada LU-23 1 entre Friol e Palas de Rei, de xeito que se reparen as deficiencias existentes ata que esta sexa aglomerada, e que a maior brevidade posible, leve a cabo as actuacións e xestións necesarias para aglomerar o trazado da estrada LU-231 de Friol a Palas de Rei, despois dun breve turno de intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse a un breve turno de intervencións. Comeza coa exposición polo concelleiro Sr. Santos Ramos, dicindo que esta moción ten semellanza coa que se acaba de debater, xa que se trata de propostas no mesmo senso, o que cambia é a titularidade das estradas. Espera que esta proposta tamén acade unanimidade, á vista da importancia da comunicación coa capitalidade da comunidade autónoma. Conclúe dicindo que na proposta figuran dúas peticións: unha que se fagan as labores de conservación para a reparación das deficiencias existentes, a outra, de maior envergadura, que se proceda a aglomerar na súa totalidade o trazado da estrada.

O Sr. Alcalde di que, como non podía ser de outro xeito, votarán a favor da moción presentada polo Grupo Socialista, sen necesidade de debater ao respecto.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrese o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

10.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o dezoito de xuño ata trinta e un de decembro de dous mil quince.



11.- INFORMES DA ALCALDÍA. - A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das seguintes cuestións de interese para o mesmo, sen que polos señores concelleiros se formule ningunha cuestión ao respecto:

- Acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, nas sesións celebradas o 22 de febreiro e o 14 de marzo do actual, polo que se declaran caducadas as licenzas de taxi das que eran titulares Don Antonio Penas López e Dona Mercedes Teijido López, por non constar acreditación da súa explotación no momento da entrada en vigor da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia
- Escrito da Deputación Provincial en relación co desempeño de funcións de Tesourería. No mesmo dise que con motivo da modificación do art. 92.bis da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, moitos Alcaldes de concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia, diríxense á Deputación, para que manifeste a súa posición sobre a cuestión relativa ao desempeño de funcións de tesourería por funcionarios provinciais. Despois do análises da normativa ao respecto, e das conclusións que se deducen sobre o desempeño das funcións de tesourería, conclúe o escrito comunicando a absoluta imposibilidade de que pola Deputación Provincial de Lugo se poidan prestar as funcións de tesourería nos 55 concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia, polo que a Deputación non asumirá o desempeño, por funcionarios propios do grupo A1 nin por habilitados nacionais, das funcións de tesourería nos concellos de menos de 5.000 habitantes desta provincia.
- Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 18 de marzo do actual, polo que en relación coas resolucións de AGADER, se adopta o acordo do que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva:
 - "A interposición de recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, contra a resolución de AGADER desestimatoria do recurso de reposición presentado polo Concello contra a resolución de 14 de decembro de 2015, de pagamento final en relación co proxecto PM14-32132-0149 "Mellora de camiños de titularidade municipal do concello de Friol", en canto supón a perda parcial do dereito a cobramento da subvención concedida.
 - Encomendar a representación e defensa xurídica aos letrados adscritos ao Gabinete de Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Provincia de Lugo, da Excm. Deputación Provincial de Lugo.
 - Facultar ao Sr. Alcalde para a realización de cantas xestións sexan precisas e a sinatura da documentación que sexa necesaria, en orde á efectividade do presente acordo".

12 .- ROGOS E PREGUNTAS. - A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta a maiores dos presentados por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión, das que pasará a dar resposta seguidamente.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que quere facer unha pregunta e un rogo, sobre unha situación que se está intensificando nestes días no concello de Friol, que está sufrindo moitos cortes de luz. Aínda que non se trata dunha competencia estrita municipal, o concello podería dirixirse á Consellería ou ao Ministerio, para que teñan coñecemento da situación e arbitren solucións.

O Sr. Alcalde responde que chamou a Fenosa, e que lle responderon que o problema está na subestación de Prado, que intentan subsanar ás horas que menos molesten aos propietarios. Conclúe decindo que se a situación se prolonga terán que ir mais alá.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que mais alá de debate político, a cuestión parece un cachondeo e que se hai averías e cortes de luz, debían avisar á poboación, agradecendo o Sr. Alcalde a presentación do rogo.

Seguidamente pásase a dar resposta ás cuestións presentadas por escrito, con anterioridade á convocatoria.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, poio que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro Social da Parroquia de Xia atópase nun recinto que recentemente foi axardinado. Despois destes traballos no entorno o acceso ao mesmo resulta máis complicado, especialmente cando chove, pois non drena suficientemente a auga, o que deriva nunha situación na que os viandantes mollan os pes, embarran o calzado, poden chegar a esbarar, etc.

Este problema quedaría resolto dun xeito sinxelo adecuando un acceso pavimentado, por exemplo en pedra ou baldosa, actuación non rnoi cuantiosa e que poñería fin a un problema dos usuarios do centro sen deteriorar o entorno do mesmo.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal o seguinte

ROGO:

- Que o Concello de Friol proceda a acometer o antes posible as obras necesarias para resolver os problemas de acceso ao Centro Social da Parroquia de Xia habilitando para elo un acceso peonii apto para minusválidos que elimine os problemas de embarramento e acumulación de auga actuais”.

O Sr. Alcalde responde que se falará cos veciños e verase que posibilidades hai para solucionar o problema.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxirne Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol presentou na anterior Sesión Plenaria Ordinaria un Rogo relativo ao acceso á Igrexa e Cerniterio da Parroquia de San Martiño de Condes.

O Rogo foi recollido polo Goberno Municipal.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal a seguinte

PREGUNTA:

- Realizouse algunha xestión encamiñada a dotar de un acceso apto para persoas minusválidas a Igrexa de Condes?
- Ve probable o Goberno Municipal que esta actuación se leve a cabo e, de ser así, en que data?”

O Sr Alcalde responde que o concelleiro Don Juan Carlos Casal púxose en contacto co párroco e realizáronse xestións co Obispado, para ver os trámites necesarios e se colaboraría na actuacións, a primeiros de marzo. Coa data 23 de marzo desde o Obispado, foron citados para unha reunión a semana que ven. Pensan que non hai motivos para pensar que non se poida facer.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, poio que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veflo a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Friol conta cunha Nave de Usos Múltiples instalada no Polígono Industrial de Friol.

Esa nave, ata o de agora, o único uso coñecido que tivo foi o de albergar exposicións, en concreto como complemento á celebración da Feira do Queixo e Pan de Ousá que anualmente se vén celebrando no Concello de Friol. Inicialmente foi concebida para albergar un viveiro de empresas e finalmente, despois de moitos anos, o pasado 10 de febreiro de 2016, os medios de comunicación fanse eco de que o Concello de Friol, co apoio da Consellería de Economía, Industria e Emprego poñerá en marcha nesa nave o Viveiro de Empresas, ofertando e acondicionando a superficie que demanden as empresas.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal a seguinte



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PREGUNTA:

- Existen unhas bases que regulen o Viveiro de Empresas?
- Existe algunha solicitude para instalarse de algunha empresa ou emprendedor que queira desenvolver neta o seu proxecto?
- Existe unha previsión da data na que comezará a funcionar? De ser así, que data é a prevista?"

O Sr. Alcalde responde que a día de hoxe non hai unhas bases que regulen o viveiro de empresas, aínda que si hai empresas interesadas na súa instalación na mesmo. En relación coa previsión da data na que comezará a funcionar, o Sr. Alcalde responde que segundo as estimacións da Consellería, sería no primeiro semestre do vindeiro ano.

Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, e agredendo o apoio ás mocións presentadas, que estiman primordiais para o concello, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.